

FERNANDO DE ANDRADE E A SÚA PARTICIPACIÓN NAS BATALLAS DE ITALIA DO SÉCULO XVI

Xesús Andrés López Calvo

1. INTRODUCCIÓN

O polígrafo e historiador eumés Antonio Couceiro Freijomil escribía en 1944: "*D. Fernando de Andrade y Pérez das Mariñas, hijo y sucesor en el señorío de Pontedeume de Diego de Andrade, es una de las figuras de más extraordinario relieve en la historia de Galicia, lo cual contrasta grandemente con el inexplicable olvido en que los gallegos hemos tenido su memoria*"¹.

Idéntico sentimento expresa o historiador César Vaamonde Lores verbo do mesmo tema: "*Es sumamente doloroso para Galicia que la memoria de Andrade, uno de sus más preclaros hijos, permanezca casi en absoluto oscurecida, sin que haya habido quien tratase de reivindicarla y enaltecerla, pues aun cuando lo hubieran hecho La Coruña y Puentedeume -¡que no lo hicieron!- sería un pequeño triunfo para aquel que, émulo del Gran Capitán, se cubrió de gloria en Italia, en los espléndidos días de nuestras victorias en aquel país, Por esto hacemos notar, como un triste ejemplo, la indiferencia de Galicia, el olvido de España y la injusticia que todo ello encierra*"².

Lonxe de investigacións con halo romántico, e coa rigorosidade metodolóxica a que nos ten acostumados, o profesor da Universidade de Santiago, José García Oro, publicou, en 1994, un inestimábel ensaio sobre a traxectoria do noso personaxe nun intento da súa rehabilitación histórica³; o dito ensaio tivo a súa prolongación coa publicación, un ano máis tarde, do codicilo que continúa o testamento de Fernando de Andrade, e recentemente ven de publicar un novo estudo sobre o Señorío dos Andade no Renacemento⁴.

1. A. COUCEIRO FREIJOMIL, *Historia de Pontedeume y su comarca*, Santiago, Editorial Compostela 1994, 237.
2. C. VAAMONDE LORES, "Gómez Pérez das Mariñas y sus descendientes", en *Boletín de la Real Academia Gallega*, 8 (1914) 91-95, 154.
3. Cf. J. GARCÍA ORO, *Don Fernando de Andrade, conde de Villalba (1477-1540)*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia 1994.
4. J. GARCÍA ORO, *Testamento y codicilos de Don Fernando de Andrade. (Pontedeume, 30 de agosto y 28 de septiembre de 1540). Addenda a Don Fernando de Andrade, conde de Villalba (1477-1540). Estudio Histórico y Colección Documental*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia 1995. O orixinal consérvase no Archivo General de Simancas, Consejo Real 51-8. Tamén, J. GARCÍA ORO- M.J. PORTELA SILVA, *Pontedeume y sus señores en el Renacimiento*, Pontevedra 2003, Fundación Caixa Galicia y Sociedad Filatélica, de Arte y Humanidades 'Ence'.

A nosa pretensión con este traballo é dar a coñecer uns sucesos militares, aínda a sabendas que o facemos sen a perfección que se merecerían os lectores, onde tivo un destacado protagonismo o primeiro Conde de Andrade e sexto Señor de Pontedeume, Fernando de Andrade e Pérez das Mariñas.

Non é a nosa pretensión esaxerar en relatos nin restaurar lembranzas. Ao sumo intentaremos elaborar unha insignificante achega ao conxunto da investigación sobre a historia militar española e sobre un dos seus personaxes. Facémolo no momento en que se conmemora o quinto centenario das batallas de Ceriñola (28 de abril de 1503) e Garellano (29 de decembro de 1503) onde Fernando de Andrade combateu como oficial de Gonzalo Fernández de Córdoba, o Gran Capitán (1453-1515)⁵. Sirva esta pequena contribución -entre outras cousas- para compensar as queixas feitas no seu día por Couceiro Freijomil e Vaamonde Lores.

2. FERNANDO DE ANDRADE E PÉREZ DAS MARIÑAS: UNS APUNTES BIOGRÁFICOS E UN CONTEXTO

Non faremos neste apartado máis que unha breve síntese dos datos que achegan algúns estudos xa publicados⁶. Fillo de Diego de Andrade e María das Mariñas nace Fernando en 1477. É o primoxénito dunha estirpe na que había dúas irmás máis: Tareixa e Violante. A primeira casará con Rodrigo de Moscoso e converteranse nos condes de Altamira, e a segunda fará o propio con Pedro Bermúdez de Castro, Señor de Montaos e Peñaflor. Estas alianzas matrimoniais darán aos Andrade as rendas do noroeste galego⁷.

Cando conta con 13 anos e residía en Granada na Corte dos Reis Católicos, perde ao seu pai, o cal provocará unha situación de inestabilidade no goberno do señorío a causa da súa minoría de idade. Ao cumprir os 18 anos recibe da súa nai os dereitos de primoxenitura e morgado da súa familia. En 1500 contrae matrimonio con Francisca de Zúñiga, viúva aínda nova de Diego de Acevedo, e filla de Sancho de Ulloa, conde de Monterrei⁸. Da súa unión nacerán tres fillas: Tareixa,

5. Cf. J. F. C. FULLER, *Batallas decisivas del Mundo Occidental*, Madrid, Ejército 1984.

6. Por exemplo os xa citados de García Oro e tamén M. J. VÁZQUEZ LÓPEZ, "Aportación al estudio de la nobleza gallega en el Medioevo: la Casa de Andrade", en *Estudios Mindonienses* (1990) 797-820.

7. "Los Andrade terminan el Medioevo reacios a recibir títulos nobiliarios distintos de su apellido cargado de abolengo y misterio. Don Diego se había negado no sólo a usurpar honorificencias sino también a recibir las dentro de la legalidad. No quiso prestarse a ser Conde de Lorenzana, gracia que, al parecer, le hacía Enrique IV. De los Reyes Católicos recibió en fecha imprecisa el título de Conde de Villalba. Pero ni él ni su hijo Fernando alardearon de esta distinción. Siguieron llamándose Andrade que era, en su acendrado concepto dinástico, toda la grandeza auténtica que se pueda desear". J. GARCÍA ORO, *La nobleza gallega en la Baja Edad Media*, =Bibliófilos gallegos, Biblioteca de Galicia XX, Santiago de Compostela, El Eco Franciscano 1981, 157.

8. O seu primeiro matrimonio foi co seu curmán Diego de Acevedo, fillo do arcebispo compostelán Fonseca e de María de Ulloa, irmá de Sancho de Ulloa pai de Francisca. Este primeiro matrimonio durou moi pouco, xa que Diego de Acevedo interveu na campaña do Rosellón nos exércitos de Fernando o Católico, e alí faleceu, en Salsses, a consecuencia das feridas recibidas en combate. En 1496 nace o fillo de ambos Alonso, chamado así polo seu avó paterno, o arcebispo Alonso de Fonseca pero, chegado o momento D^a Francisca prefere a súa filla do segundo matrimonio Tareixa de Andrade para nomeala herdeira dos seus estados no canto do seu fillo varón. Como é lóxico Alonso de Acevedo non permitirá os manexos da súa nai e ademais conta co apoio do seu famoso avó, o arcebispo Fonseca. Isto provocará enormes preitos entre ambas familias. Francisca de Zúñiga falece en 1526. Cf. M. J. VÁZQUEZ LÓPEZ, "El Señorío de Monterrei, los Biedma, los Stúñiga y los Ulloa", en *Estudios Mindonienses* 13 (1997) 187-308. Tamén M. VÁZQUEZ BERTOMEU, "El Arzobispo Don Alonso II de Fonseca. Notas para su estudio", en *Cuadernos de Estudios Gallegos* 47 (2000) 112, 87-131.

Fernando de Andrade e a súa participación nas batallas de Italia do século XVI

Catarina, que morrerá sendo a condesa de Cifuentes, e unha terceira da que descoñecemos o seu nome pero si sabemos que estaba casada cun tal Vasco de Seixas. A primeira, casará con Fernando de Castro e Osorio, Conde de Lemos, e continuará a liñaxe dos Andrade na persoa do seu fillo Pedro. Fóra do matrimonio creceron, polo menos, outros dous rapaces máis. O primeiro tamén chamado Fernando que alardeará dos apelidos do seu pai e que será colocado honorificamente na Igrexa dentro dos beneficios patronais da familia. O segundo, Martín Sánchez, habido dunha muller solteira chamada Xoana Fernández que por manda testamentaria quedará baixo a tutela do seu outro irmán natural e ordenándose que sexa tamén formado na carreira eclesiástica.

A estancia na corte itinerante dos Reis Católicos supónlle a Fernando de Andrade a posibilidade dunha formación de academia militar. Cos reis e os seus capitáns viviu a mobilización xeral do Reino de Castela e a chamada especial ao nobres a concorreren con todos os seus efectivos á acometida final contra o Reino Nazarí de Boabdil. Cabe supoñer que foi aquí onde se inicia un trato de confianza con quen uns anos máis tarde foi o seu patrocinador, Luis Portocarrero, Conde de Palma⁹.

Para contrarrestar o empuxe de Carlos VIII de Francia, que soñaba con apoderarse do reino de Nápoles, ábrese o horizonte militar de Gonzalo Fernández de Córdoba, o Gran Capitán. Este horizonte tamén se fai efectivo para Fernando de Andrade no verán de 1500 e aínda que o supoñemos enrolado na Armada Española non temos noticia del até 1502 onde figura como capitán do estado maior de Luís Portocarrero, xunta con García de Ayala, Alonso Niño, Alonso de Carvajal, Luís Méndez Figueredo e Hernando de Quesada.

Combate ao lado do Gran Capitán e despois de se converter no heroe de Seminara e Garellaño regresa a España en 1504 tal vez coa consigna de reorganizar as unidades do Exército unha vez concluídas as campañas de Italia. Entre as recompensas que recibe polos seus éxitos militares está o título de Conde de Caserta que, ao parecer, non chegou a ilusionalo xa que nunca o usou nas súas subscricións documentais, tal vez debido a que preferiu xogar desde Galicia o papel señorial que lle correspondía.

En 1511 regresa a Italia e, finado xa o rei Católico, o rexente Cardeal Cisneros chámalo á Corte e encoméndalle o mando de tropas reais coas que en máis dunha ocasión contivo aos nobres que se opoñían ao rexente, como ocorreu en 1517 contra o propio Duque de Alba.

En 1520 preséntase en Santiago a fin de pedir nas Cortes voz e voto para os procuradores de Galicia a quen se negara ese dereito para favorecer aos de Zamora. En Santiago o soberano hospedouse no convento de San Francisco, e alí presentáronse o arcebispo Alonso de Fonseca IV, Fernando de Andrade e o conde de Benavente, para pedir a entrada nas Cortes en representación de Galicia xa que era Reino só de por si, que tivera voz e voto nas antigas Cortes de Casela e que era cousa recente que Zamora a representara. Negóuselles a entrada e entón o conde de Andrade dixo que se no se lle daba satisfacción xuntárase co procurador de Toledo Pedro Laso, que acaba-

9. En 1503 a Coroa española propúñase coa expedición a Sicilia reunir *"en ese Reyno a nuestro sueldo dos mil peones empaquesados e lanças terciadas e coraçadas e casquetes e espadas para que nos vayan a servir a nuestro reyno de Secilia"*. A operación de recrutamento realizaríaa o Gobernador "cogiéndolos por su voluntad y por via de repartimento". Cf. J. GARCÍA ORO, *Galicia na Baixa Idade Media. Igrexa, señorío e nobreza*, Noia, Toxosoutos 1999, 258-261.

ba de ser desterrado de Santiago por oporse ao desexo do soberano, e estaba en Padrón. Esta actitude de Fernando de Andrade válelle a inimidade do emperador Carlos V e o conseguinte desterro¹⁰. Anque meses máis tarde este noméao capitán xeneral da armada que o conduciu a Flandes e que zarpou da Coruña o 20 de maio de 1520, este cambio de actitude por parte do emperador non se trataba dunha condonación do desterro senón que así conseguía neutralizar a poderosa influencia e o ascendente moral que Fernando de Andrade tiña en Galicia.

En 1522 regresa por terceira vez a Italia en novas campañas militares contra os franceses, como por exemplo a conquista da cidade de Armiro, e tamén como xefe de escolta do cardeal Adriano de Utrech, bispo de Tortosa e un dos rexentes de Castela que fora elixido papa para suceder a León X.

Desexoso de acrecentar os descubrimentos no Novo Mundo, organizou unha expedición a América do Sur poñendo ao mando a Diego García que partiu de Fisterra o 15 de xaneiro de 1535 e, anque chegou a explorar as costas de Brasil e Paraguai, a expedición malógrase resultando un fracaso¹¹.

Entre 1531 e 1536 figura como corrixidor-asistente de Sevilla e a partir dese ano retráese da vida pública simultaneando a súa residencia na Coruña e Pontedeume. Nesta última vila inviste cuantiosas sumas para crear e dotar institucións relixiosas como o convento de frades agostiños e a igrexa parroquial de Santiago na que estableceu varias fundacións e capelanías.

Outorga testamento en Pontedeume o 28 de setembro de 1540 e parece que falece o 11 de outubro de 1540 aos sesenta e tres anos de idade, tal e como sinala a inscrición sepulcral da igrexa parroquial de Pontedeume¹². No momento do seu falecemento áchase casado en segundas nupcias coa nobre francesa Xoana de Leyva.

Con este percorrido bibliográfico intuimos que nos encontramos ante unha testemuña excepcional de dúas Españas moi diferentes: a dos Reis Católicos de pacificación interna e expansión mediterránea, da que fora axente na súa xuventude; e a de Carlos V, implicada ata o esgotamento no escenario bélico europeo e mediterráneo, que o mesmo Andrade viu complicarse día a día. A súa traxectoria vital ben o fai acredor do cualificativo de personalidade de Galicia.

10. Cf. M. J. VÁZQUEZ, *Aportación al estudio de la nobleza gallega...*, a. c., 818.

11. Mariño distinguido nacido en Palos de Moguer, Diego García xa acompañara a Díaz de Solís no descubrimento do Río da Plata, percorre os mesmos territorios que explorou Sebastián Cabot. A expedición, da que se esperaban felices resultados, malógrase pola excesiva cobiza do mariño. Malia que foi acollido favorabelmente polos indios en todas as rexións que exploraba, acabou poñéndose a mal con eles ao querer facelos escravos e embarcalos para Europa. Regresa a España en 1530. Cómpre reseñar o comportamento nobre que Andrade ten con Diego García malia que este no lograse o obxectivo da expedición e, polo tanto, perdese o investimento de Andrade; que malia todo o recomenda para participar nunha nova empresa americana, a expedición de Pedro de Mendoza que, entre outras cosas notables, trouxo consigo a fundación da cidade de Bos Aires. Cf. A. VILANOVA, *Los gallegos en la Argentina*, (Vol. I), Buenos Aires, Ediciones Galicia, 1957.

12. Recibiu sepultura na capela maior da igrexa de Santiago de Pontedeume. Os seus restos trasladáronse en 1758 a outro sepulcro labrado no lado do evanxeo da dita capela. Neste sepulcro hai unha inscrición da época do traslado que di así: "AQUI JACE EL EXMO S. D. FERNANDO DE ANDRADE CONDE DE VILLALVA SR. DE PVENTEDEUME Y FEROL QUE FUE ENTERADO EN VN PANTEÓN DENTRO DE LA CAPILLA MR. DE ESTA IGLESIA EN XI DE OTVBRE DE 1540 Y SE TRASLADARON SVS HVESOS EN ESTE NICH0 EN 28 DE FEBRERO DEL AÑO DE 1758". Cf. A. COUCEIRO FREIJOMIL, *O. c.*, 263.

Unha vez que fixemos o encadre contextual do noso personaxe entremos no episodio polo que mostramos interese: a súa participación nas campañas de Italia como oficial do Gran Capitán.

3. SINOPSE DAS GUERRAS DE ITALIA NO SÉCULO XVI

O enfrontamento entre Francia e a Casa de Habsburgo será, salvo breves períodos excepcionais, unha constante durante os séculos XVI e XVII. A común política italiana, o problema de Navarra e, sobre todo, o cerco dos Estados dos Austrias en torno a Francia manterán viva unha hostilidade que se manifestará periodicamente en conflitos abertos en moi diversos puntos de Europa, e incluso fóra dela. As distintas circunstancias nas que se desenvolverá esta inimizade marcarán varias etapas diferenciadas.

Nun primeiro período, o escenario dos enfrontamentos limitarase case exclusivamente a Italia. A rivalidade a causa de intereses opostos na península italiana, fora contribución á monarquía española da Coroa de Aragón que, como restos da súa expansión mediterránea, conservaba Sardeña (1325) e Sicilia (1409), mentres que o Reino de Nápoles, anexionado en 1442, pasara en 1458 a unha rama bastarda de Aragón, á morte de Afonso V. Fernando II de Aragón, o Católico, recibira a lección viva do seu pai Xoán II e coñecía con detalle os reinados dos seus antepasados Pedro III, Pedro IV e Martiño o Humano. Desde moi novo era rei de Sicilia, illa que non coñecía porque, precisamente pola súa xuventude, seu padre non o deixara ir visitala. En Nápoles reinaba Ferrante, fillo bastardo de Afonso V e curmán de Fernando, con cuxa irmá Xoana estaba casado. O rei de España aceptaba a situación, non se sabe se por magnánimo respecto familiar ou porque cría que aínda non chegara a hora. Do que estaba convencido era que os dereitos ao trono de Nápoles eran seus, como maior descendente directo de Afonso V¹³.

Pola súa parte, Francia reivindicaba os dereitos sobre o trono napolitano da dinastía dos Anjou, que reinaran entre 1282 e 1442. O rei francés, Carlos VIII, imbuído de ideas románticas e cabaleirescas de cruzada, iniciara os movementos. En 1493 asegurárase a neutralidade do emperador Maximiliano, a cambio do Artois e o Franco Condado, o de Fernando o Católico, a cambio do Rosellón e da Sardeña. Ao ano seguinte, á morte do rei napolitano Ferrante I, Carlos VIII invadiu Italia camiño de Nápoles atravesando Florencia e Roma. A Liga formada por Venecia co papa Alejandro VI Borgia, Ludovico Sforza -Rexente de Milán-, o emperador Maximiliano I de Austria e os Reis Católicos amosouse como unha forza suficientemente disuasoria para decidir a súa retirada, mentres o exército de Gonzalo Fernández de Córdoba repoñía no trono de Nápoles á rama bastarda de Aragón en 1497, por un período que será efémero.

Co ascenso ao trono de Francia de Luís XII (1462-1515) a situación ía cambiar radicalmente. Ao noveleiro e fantástico Carlos VIII sucédeu un home de talante diferente, co que non se podía realizar a mesma política. Fernando o Católico deuse conta e modificou a súa táctica diplomática. Luís XII no acto de proclamación fíxose nomear rei de Francia, das Dúas Sicilias, de Xerusalén e duque de Milán. O rei de Francia comprendeu que non podería facer efectivos estes

13. Cf. J. A. VACA DE OSMA, *Los Reyes Católicos*, Madrid, Espasa 2001, 228.

títulos se tiña como adversario ao rei Católico, e aveuse a entrar en negociacións con Fernando, que por entón procura o apoio do Papa para despoñer de Nápoles á dinastía bastarda¹⁴. A predisposición dos dous soberanos a se entenderen no reparto de Italia culminou co tratado de Marcoussis de 5 de agosto de 1498, un tratado discutido e turbio que presaxiaba que a guerra non tardaría en rexurdir, xa que outro tratado do francés coa casa de Savoia permitía o tránsito do seu exército a Italia polos desfiladeiros das montañas. Nestas condicións o exército francés puido ocupar o ducado de Milán en menos de quince días. A invasión francesa de Nápoles era cuestión de días. Tras o fracaso por conseguir como aliados aos venecianos (Venecia estaba en guerra cos turcos) Fernando o Católico comprendeu que non lle quedaba outra alternativa que abandonar Italia á ambición francesa ou entrar en guerra con Francia para defender os seus dereitos.

Mentres se levaban ao cabo as conversas secretas para repartirse mediante un tratado bilateral o reino de Nápoles, en maio de 1500 facíase á mar unha poderosa escuadra concentrada en Málaga ao mando do Gran Capitán. En torno a el reunírase un importante grupo de soldados experimentados que brillarían por si propios en diferentes campañas: Diego López de Mendoza, Alonso de Silva, Sancho de Villalba, Pedro de Paz, Diego Zamudio, Gonzalo Pizarro, Pedro Navarro, Diego García de Paredes, e outros distinguidos cabaleiros da guerra de Granada¹⁵. A escusa para a formación desta armada era acudir en auxilio dos venecianos na súa loita contra os turcos, se ben o seu verdadeiro obxectivo consistía en protexer as costas de Sicilia contra os franceses e tomar posicións estratéxicas para o reparto de Nápoles.

A presenza da escuadra do Gran Capitán convenceu aos franceses de que a conquista do reino de Nápoles era imposible sen a aceptación española. Desde estas premisas o 11 de novembro de 1500 asínase o tratado de Granada. Nel Fernando o Católico e Luís XII de Francia acordaron repartirse o reino de Nápoles¹⁶. Tratábase dun tratado redactado con mala fe e intencións cobizosas. O papa Alejandro VI e o colexio cardinalicio deron por bo o tratado de repartimento, declarando a Súa Santidade que *"sólo le movía a hacerlo la consideración de los piadosos intentos de las partes contratantes, e la indigna conducta del rey Fadrique de Nápoles, cuya traición a la república cristiana le había hecho perder todo derecho, si es que alguno tenía, a la corona de Nápoles"*¹⁷.

14. Cf. L. ALBERICH BARRIO Y OTROS, "Edad Moderna. Período de apogeo, desde la rendición de Granada hasta la muerte de Isabel la Católica", en ID., *Historia de España* Vol. IV, Madrid, Promoción y Ediciones 1990, 150.

15. Cf. MARQUÉS DE LOZOYA, *Historia de España* (Vol. III), Barcelona, Salvat 1967, 161-174.

16. Ao rei Católico adxudicábaselle a Apulia e Calabria, quedando para o francés a rica Terra de Labor e os Abruzzos. Pero cedo inicianse discordias entre españois e franceses sobre a quen correspondía a Capitanata, a Basilicata e o Principado.

17. Segundo os monarcas español e francés, Fadrique extralimitárase ao comprometer a seguridade de toda a cristiandade atraendo sobre ela aos turcos, os seus máis encarnizados inimigos, aínda que a realidade era moi distinta. Se Fadrique III de Nápoles buscara a axuda dos otomanos debíase a que estaba informado dos propósitos do seu parente Fernando de Aragón e do cobizoso Luís XII de Francia para apoderarse dun ou outro xeito do seu reino. Cf. L. ALBERICH Y OTROS, *o. c.*, 163. Non era este o primeiro preito que mantivo o Papado coa Coroa de Nápoles. Inocencio VIII (1484-1492) entrou en guerra con Ferrante de Nápoles, quen se negaba a pagar o tributo que o Papa esixía como soberano do rei. Inocencio ofreceu o trono de Nápoles a un pretendente francés, René de Anjou. Co ascenso ao solio pontificio de Rodrigo Borja, sobriño de Calixto III (1455-1458), co nome de Alejandro VI, o Papado alcanzou o seu máis baixo nivel de degradación. Cardeal e Vicechanceler da Igrexa romana durante 35 anos, home encantador, culto e de vida notoriamente disipada, Borgia abriuse paso até o trono papal a forza de subornos. En Florencia, o frade dominico Girolamo Savonarola, convencido de que Deus o inspiraba para que rescatara ao Pontificado da súa vergoña, denunciou ao Papa, á Curia e á familia Borgia, e apelou aos reis cristiáns para que destronaran a Alejandro e salvaran a Igrexa. Cando en 1494, o rei francés Carlos VIII apareceu en

Fernando de Andrade e a súa participación nas batallas de Italia do século XVI

Desde o principio producíronse friccións entre españois e franceses polo reparto de Nápoles que desembocaron na reapertura das hostilidades. A superioridade numérica francesa obrigou a Fernández de Córdoba a utilizar o seu xenio como estratega, concentrándose na defensa de prazas fortes á espera de reforzos. Cando estes chegan, o exército de Luís XII foi derrotado por Fernando de Córdoba na batalla de Ceriñola, tumba literal da infantería francesa ante a artillería española, onde falece o xeneral en xefe do exército francés Duque de Nemours apoderándose de todo o reino. Mandou Luís XII un novo exército que foi vencido, igualmente á beira do río Garellano. Como consecuencia os franceses tiveron que render a praza forte de Gaeta deixando libre o campo aos españois. Por fin, o tratado de Lyon de 1504 concedeu o trono de Nápoles á Monarquía española, que se apresurou a nomear a Gonzalo Fernández de Córdoba como vicerrei.

A súa actuación política como vicerrei de Nápoles amosa a auténtica dimensión da figura histórica do Gran Capitán que ben merece novos e puntuais estudos. Non embargante, o que nos atinxe obríganos a cinguirnos ás súas vitorias sobre os xenerais de Carlos VIII e Luís XII. Executor da súa maxistral mostra de arte militar foi Fernando de Andrade. A continuación ofrece-mos a xustificación desta afirmación.

4. A TERCEIRA BATALLA DE SEMINARA: 21 DE ABRIL DE 1503

Seminara é unha pequena cidade italiana da provincia de Regio Calabria. Escenario de tres batallas entre as tropas españolas e as francesas, estas últimas acaudilladas por Roberto Stewart, Señor de Aubigny. As dúas primeiras (xuño de 1495 e decembro de 1502) foron gañadas polos franceses e a terceira (venres 21 de abril de 1503) polos españois, sendo nesta última onde cobra capital importancia a estratexia e o enxeño militar de Fernando de Andrade¹⁸. O propio D'Aubigny salvouse de caer en mans de Andrade gracias á súa garda escocesa. Esta vitoria xunta coa de Ceriñola, lograron a entrada triunfal de Gonzalo Fernández de Córdoba en Nápoles o 14 de maio de 1503.

A narración máis antiga e máis clásica desta batalla é obra do cronista da Coroa de Aragón, Jerónimo Zurita, contida no capítulo 24 da súa "Historia de Fernando V"¹⁹. Outra versión ofrécenola en Armas y triunfos o cronista galego Gándara²⁰, non embargante seméllanos máis con-

Italia para afirmar as súas pretensións sobre Milán e Nápoles, Savonarola saudouno como un salvador, pero cando Carlos chegou a Roma, o Papa logrou convertelo no seu máis submisos e obediente servo, e en Florencia, o pobo, alarmado ante os crecentes excesos de Savonarola, guindou a este á fogueira como herexe. En 1497 o fillo favorito de Alejandro, Juan, Duque de Gandía, morreu asasinado en turbias circunstancias. Na súa dor, o Papa anunciou que decidira emendarse e consagrarse á reforma da Igrexa. Unha comisión de cardeais recibiu o encargo de trazar un plan de reforma, que foi esquecido cando, ao ano seguinte, o novo rei de Francia, Luís XII, que aspiraba á anulación do seu matrimonio, ofreceu, en compensación polo favor, nomear a César, fillo do Papa, Duque de Valence. En Alejandro VI os intereses familiares pasaban por encima de todas as consideracións. Cando morreu, en 1503, os Estados Pontificios apenas eran máis que unha posesión da familia Borgia. Cf. G. GULKIN, "Los Papas del renacimiento", en C. HOLLIS (ED.), *El Pontificado*, Barcelona, Plaza y Janés 1965, 115-116.

18. Cf. J. A. YAQUE LAUREL, "Seminara, batalla de", en: G. BLEIBERG (DIR.), *Diccionario de Historia de España*, (Vol. III), Madrid, Revista de Occidente 1969, 638-639.

19. Narración está recollida en: B. VICETTO, *Historia de Galicia* (Tomo V), Ferrol, Nicasio Taxonera Editor 1872, 244-252.

20. Cf. *Ibid.*, 254-255.

trastada a descripción e análise que se fai dela na Historia de España dirixida por Menéndez Pidal e que, a continuación, reproducimos:

"Luis Portocarrero había llegado a Mesina el 5 de marzo, pero no desembarcó en Reggio hasta el 25, reagrupando inmediatamente a todas las compañías dispersas en Calabria. Indirectamente prestó un servicio a Gonzalo de Córdoba, porque obligó a D'Aubigny, único que podía aconsejar eficazmente al duque de Nemours en tan difíciles circunstancias, a permanecer en Calabria sin concurrir a la concentración dispuesta por su jefe frente a Barletta, antes al contrario restándole aún más lanzas D'Aubigny tomó la iniciativa de las operaciones, llevando una parte de sus tropas sobre Terranova, que defendía Alvarado: éste efectuó un rápido repliegue sobre líneas de más fácil defensa mientras pedía auxilios que, por orden de Portocarrero, fue a llevarle Manuel de Benavides, con trescientos jinetes y seiscientos infantes. Los franceses levantaron el campo sin arriesgar la lucha y se retiraron a San Martín en la llanura de Gioia. Como en este momento Piñeiro obtiene también una victoria sobre el príncipe Rossano (5 de abril de 1503), que le había tendido una emboscada, se confortan los ánimos. Antes de salir al campo, murió Portocarreo en Reggio, a consecuencia de una enfermedad. Fernando de Andrade, conde de Villalba, comandante supremo de la infantería gallega, el cuerpo de tropas más numeroso, fue reconocido entonces como jefe, con la protesta de Hugo y Juan de Cardona, que le negaban la experiencia suficiente. A él correspondía, sin embargo, la responsabilidad de haber provocado la tercera batalla de Seminara ordenando cruzar el Petrace hacia la llanura de Gioia. D'Aubigny decidió aprovechar la ocasión que se le brindaba, porque conociendo las dificultades interiores del ejército español -había enviado un trompeta a formular el desafío- juzgaba que en ellas estaba su mejor aliado: la mayor parte de los soldados gallegos amenazaban ya con desertar si no se les pagaba, y fue preciso un gran esfuerzo de los oficiales para contenerlos. El caudillo francés creyó que no le sería difícil repetir por tercera vez la victoria en el mismo campo que, en dos ocasiones, le había servido de escenario de éxitos. El choque se produjo el 21 de abril de 1503 a dos millas de Gioia, en el camino de población a Seminara.

Primera experiencia: la inutilidad de la artillería en una batalla campal. Los franceses, que poseían siete falconetes, comenzaron disparando, pero fue de nuevo la caballería la que decidió el resultado de la acción. Esta vez la caballería francesa, con poca cohesión, fue sorprendida de frente y de espalda por los hombres de armas y jinetes españoles, y dispersada. Los cuadros de infantería suiza, atacados por la infantería, se vieron envueltos por los jinetes españoles, que los destruyeron. Paulo Jovio explica que se trató de una batalla rapidísima, de apenas media hora, y destructiva, pues el ejército francés quedó deshecho y solamente una bandera suiza, de quinientos hombres, resistió en el campo hasta su completa destrucción. Hecho más notable: las fuerzas estaban muy equilibradas, trescientos hombres de armas y seiscientos caballos franceses contra cuatrocientos y quinien-

Fernando de Andrade e a súa participación nas batallas de Italia do século XVI

*tos respectivamente de los españoles, cuatro mil infantes de éstos contra tres mil del duque de Nemours. Los resultados son decisivos: con el ímpetu de la victoria, Andrade se apodera de Gioia y cerca a D'Aubigny en el castillo de Angitola, donde se rinde treinta días más tarde. Con excepción del príncipe de Rossano, ha desaparecido toda resistencia en Calabria"*²¹.

Unha valoración dos efectos desta batalla ofrécenola Jerónimo de Zurita na xa citada obra de Benito Vicetto, non sen certo halo romántico, típico da res gestarum, ou metodoloxía típica da investigación histórica de finais do século XIX:

*"Fue esta batalla un viernes a veinte y uno de abril (de 1503), -y es de las muy señaladas y famosas que hubo en aquella guerra, por haber sido acordada de ambas partes muchos días antes, y porque fue en ella vencido un tan famoso capitán (Aubigny) que con tanta honra quedó vencedor en el mismo lugar en la guerra pasada, hallándose el rey don Fernando en la jornada (y el Gran Capitán Gonzalo de Córdoba). Entre los otros que se señalaron en ella (la batalla) fue muy loable el esfuerzo de Luis Méndez de Figueredo, por cuyo consejo señaladamente se gobernaba en las cosas de la guerra Don Fernando de Andrade, -y así mismo se señaló de muy buen caballero Gonzalo de Avalos, al cual por andar do Fernando (de Andrade) proveyendo otras cosas le dio cargo de la gente de armas de las compañías de don García de Ayala y de Portocarrero, y de la suya, y de ella se hizo una batalla (batallón)"*²².

O propio historiador Vicetto trata de someter a xustiza dita valoración do Conde de Andrade en Seminara e apostila: *"Se ve tangiblemente en Zurita, gran intención de herir la gloria de Fernando de Andrade y de los gallegos. En otro pasaje de su libro dice este cronista al hablar de la toma de Vélez Málaga, que en las primeras escaramuzas dieron los moros una mala mano a los gallegos, que peleaban sin orden ni concierto alguno; achaques quiere la muerte. Y ahora para rebajar la gloria militar del general gallego, afirma que don Fernando de Andrade se gobernaba en las cosas de la guerra por Figueredo; de modo que, según él, el ilustre vencedor de Seminara, venció... venció por encantamiento, puesto que carecía de autonomía"*²³.

Para comprender o silencio desta xesta militar e o seu protagonista o propio Vicetto recolle as crónicas de Gándara no seu libro Armas y Triunfos:

"El francés salió de Gioia, y dio vista a Seminara; pasó el río y entró por la vega, presentó la batalla a los nuestros (...) los españoles mataron muchos franceses, y entre ellos algunos capitanes, -y les cogieron trece banderas, que ponen por orla de sus armas los señores de la casa de Andrade, y el conde don Fernando las puso

21. L. SUÁREZ FERNÁNDEZ-M. FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, "La España de los Reyes Católicos (1474-1516)", en R. MENÉNDEZ PIDAL (DIR.), *Historia de España*, (Vol. XVII), Madrid, Espasa Calpe 1978, 588-590.

22. B. VICETTO, *O. c.*, 251.

23. *Ibid.*

por trofeo en la capilla mayor de la iglesia de Santiago de la villa de Puentes de Eume, a donde está enterrado, y allí estuvieron hasta nuestra época (...) El día siguiente supo el Gran Capitán la felicidad de este suceso (la victoria de Andrade), y no le celebró con la solemnidad de alegría que debiera, pareciéndole que don Fernando de Andrade se adelantaba mucho con la gloria de tanto triunfo,, -y lo que menos bien llevaba era, que fuese igual a él en puesto: -y así escribió al rey católico pidiéndole licencia para volverse a España, y el rey le respondió luego entendiéndose: y ordenó a don Fernando (de Andrade) que se quedase por general de la caballería con que se compuso todo" 24.

A igrexa parroquial de Santiago de Pontedeume conserva entre o seu inventario de patrimonio artístico, unha magnífica peza denominada portapaz, xoia para utilizar dentro da liturxia da Eucaristía, traído, segundo a tradición por un capitán que acompañou ao de Andrade na campaña de Calabria, aínda que estudos sobre a peza parecen decantarse de que se trata dunha peza de finais do XV fabricada nunha ourivaría castelá²⁵.

5. A BATALLA DE CERIÑOLA: 28 DE ABRIL DE 1503

Os franceses levaran a Nápoles os seus máis famosos capitáns: D'Armagnac, Duque de Nemours²⁶, D'Aubigny, o Señor da Palisse, o célebre Bayardo, o cabaleiro sen medo e sen tacha, Señor de Allegre, Luis de Ars... "*A diario había duelos caballerescos, entradas en campo enemigo, trampas arteras y retos altisonantes. Y entre duelo y reto, Fernando de Andrade, capitán español, reconquistaba Seminara y el gran D'Aubigny caía prisionero en Melito. Se acercaba la hora gloriosa del Gran Capitán, que el 27 de abril de 1503 decide salir de Barletta camino de Ceriñola" 27.*

Reproducimos neste apartado do noso traballo a descrición do desenvolvemento desta batalla que Antonio Martínez Teixidó fai na súa Enciclopedia del arte de la guerra:

"La batalla de Ceriñola es el resultado de una audaz maniobra del Gran Capitán para batir de una forma definitiva a las tropas francesas del duque de Nemours. Las operaciones se habían iniciado nueve meses antes, cuando los españoles

24. *Ibid.*, 255.

25. Cf. A. COUCEIRO FREIJOMIL, O. c., 421. O punzón do artífice puidera pertencer ao prolífico ourive valisoletano do século XVI Pedro Ribadeo. En calquera caso trátase dunha peza de 23 x 12 cm. de prata sobredourada. Sobre un zócolo poligonal levántase unha fornela gorecida por un dosel de mazonería gótica, flanqueado por dous pináculos en cuxo interior sitúase a imaxe da virxe e o neno. O zócolo ornáméntase con motivos xeométricos calados en cuxa fronte colócase a cruz potenziada dos Mendoza. O doselete componse dunha variada asociación de elementos arquitectónicos do máis puro gótico hispano-flamenco. As figuras da virxe e o neno son un medio relevo rodeado por unha orla de raios rectos e sinuosos en alternancia. Malia que o pregado dos panos é coitado, os rostros e anatomías son de torpe execución. A virxe aparece coroada e aos seus pés sitúase unha enorme lúa crecente que se lle engadiu á peza posteriormente. Cf. M. LARRIBA LEIRA, *Catálogo de la Exposición Galicia no Tempo*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia-Arzobispado de Santiago 1990, 334.

26. Luis de Armagnac, Duque de Nemours (1472-1503) era fillo do gobernador de París e Ille-de France, decapitado por intento de conspiración contra Luís XI en 1477. Cf. L. ALBERICH Y OTROS, O. c., 167.

27. J. A. VACA DE OSMA, *Los Reyes Católicos...*, o. c., 242.

Fernando de Andrade e a sua participação nas batallas de Italia do século XVI


mantían la plaza de Barletta en situación crítica. Finalmente, la llegada de refuerzos procedentes de la Santa Liga animó al Gran Capitán a sacudirse el incómodo bloqueo al que estaba sometido. Así, un 28 de abril de 1503 salió el Gran Capitán con todo su ejército y, bajo un calor abrasador, se dirigió al norte a una posición previamente elegida distante unos veinticinco kilómetros de Barletta. El avance se hizo exponiendo el flanco a las tropas francesas; cruzaron el río Ofanto y la llanura de Cannas (la de la célebre batalla de Anibal) y llegaron a la aldea de Ceriñola, sita sobre una suave colina. Don Gonzalo, conocedor de que el duque andaba siguiendo sus pasos, dispuso de poco tiempo para los preparativos. Perfeccionó el obstáculo que al pie de la colina proporcionaba un pronunciado foso, clavando estacas afiladas y removiendo la arena; parapetó el flanco izquierdo del despliegue que había pensado y dispuso el municionamiento de sus tropas.

El duque de Nemours alcanzó la posición esa misma tarde y se mostró favorable a descansar y presentar batalla al día siguiente. Reunió el Consejo de Guerra y fue asesorado para atacar de inmediato. Haciendo suya la opinión de sus generales, inició los preparativos. Dispuso un orden escalonado, situando en un primer escalón la caballería pesada francesa, las gentes de armas, y él mismo se puso al frente. En el centro formaban los piqueros suizos y gascones. En el tercer escalón dispuso la caballería ligera, al mando de Ivo de Alegre. Los tres bloques formaban una diagonal hacia la derecha. El Gran Capitán ordenó los piqueros alemanes en el centro, a su derecha la infantería española, al mando de Pedro Navarro, Paredes y Pizarro, y a su izquierda la caballería de Rubio. La caballería ligera, con Pedro de la Paz, Diego Mendoza y Fabricio y Próspero Colonna se desplegaba en las alas, con la misión de provocar el combate y efectuar la persecución. Las cuatro piezas de artillería las situó en lugar destacado.

El Gran Capitán adivinó que la acometida francesa se produciría por oleadas, de forma sucesiva, y que el éxito radicaría en contenerlos y batirlos en el obstáculo que hallarían. En efecto, el mismo duque de Nemours murió en la primera embestida, e igual suerte corrieron los arrogantes piqueros suizos, los combatientes más afamados de Europa. Caídos en la maraña del foso, imposible de superar el erizo de picas alemanas y sometidos al fuego de costado de los tiradores españoles, los suizos se retiraron ante el inesperado avance de la línea española. Así lo hicieron también los caballeros del tercer escalón, hostigados por la caballería ligera española.

Los franceses perdieron 3000 hombres, toda su artillería (trece piezas) y la mayor parte de sus banderas y bagajes. Las pérdidas del Gran Capitán fueron mínimas. Es preciso recabar en lo reducido del tamaño de estos ejércitos. El Gran Capitán mandaba 6000 hombres y el duque de Nemours 8000²⁸.

28. A. MARTÍNEZ TEIXIDÓ, *Enciclopedia del arte de la guerra*. Barcelona, Planeta 2001, 158-159.



Esquema da batalla de Ceriñola segundo deseño da "Enciclopedia de la Guerra" de Antonio Martínez Teixidó.

Despois da batalla de Ceriñola o Papa Alejandro VI, vendo que os franceses se achaban en mala situación, iniciou negociacións cos españois, disposto a preparar unha expedición hispano-pontificia que percorrera a Italia do norte e do centro. Aínda que as negociacións chegaron a bo termo, non ocorreu o mesmo coa expedición, que tivo que suspenderse ante a repentina morte do Papa, o 18 de agosto de 1503²⁹.

A morte do Sumo Pontífice demorou as operacións, xa que os franceses tomaron posicións nos arredores de Roma para decidir o nomeamento de sucesor a favor do cardeal D'Amboisse, ministro favorito de Luís XII, e Gonzalo Fernández de Córdoba tamén destacou un corpo ao mando de Mendoza e Fabricio Colonna en previsión de que fose necesario intervir a favor da política española. Pero o conclave, vendo os perigos de elixir un Papa parcial, elixiu o 22 de setembro a Francesco Piccolomini, un italiano indefinido que adopta por nome Pío III e que fina ao mes da súa proclamación despois de anunciar que se propoñía convocar un Concilio Euménico para a reforma da Igrexa. Sucedeuno un sobriño de Sixto IV, Girolamo della Rovere, Julio II (1503-1513)³⁰.

5. A BATALLA DE GARELLANO: 27-28 DE DECEMBRO DE 1503

As derrotas de Luís XII na fronteira de España e nos campos de Italia non diminuíron o máis mínimo a súa ambición de posuír este país e apartar ao Gran Capitán das vantaxosas posicións que ocupaba. Así Luís XII organizou unha formidábel escuadra no porto de Génova ao

29. Cf. E. DE LA VEGA, *Sucesos militares durante los reinados de los Reyes Católicos hasta Isabel II*, Sevilla 2000. Inclínándose sempre do lado máis forte, Alejandro VI e o seu fillo, César Borgia, proxectaban unirse ao exército francés, pero contraen a malaria, enfermidade endémica que azoutaba Roma con especial virulencia aquel verán. O Papa morre, pero César por ser máis novo puido resistir a enfermidade aínda que perde as rendas do poder no momento que máis as necesitaba.

30. Cf. R. AUBENAS-R. RICARD, "El renacimiento", en: A. FLICHE-V. MARTIN (DIR.), *Historia de la Iglesia*, (vol. XVII), Valencia, Edicp 1974, 165-215. Fernando o Católico tiña, por esta orde, tres candidatos: Piccolomini, Castro e Carvajal, e un obxectivo indispensable: que non fose Papa o cardeal Della Rovere, a quen consideraba entón profrancés.

Fernando de Andrade e a súa participación nas batallas de Italia do século XVI

mando do marqués de Saluzzo, xunta cun corpo de mercenarios suízos ben dotados de cabalería e artillería. Xunta con este núcleo de militares profesionais ben disciplinados, uníronse á expedición multitude de cabaleiros voluntarios. En Francia presentárase como unha campaña para vingar o honor nacional aldraxado. Este exército, que ascendía a máis de trinta mil homes, ademais da escuadra, foi posto baixo o mando do mariscal da Trémouille. Para asegurar o éxito da campaña instaláranse en Roma grande depósitos de vituallas e equipamentos militares, ademais de abundantes cartos para subornar personaxes e recrutar mercenarios³¹.

A morte do Papa Alejandro VI, a elección de Pío III e a doenza do mariscal francés da Trémouille, deron tempo a Gonzalo de Córdoba para prepararse e acometer o avance do exército francés mandado polo marqués de Mantua.

O que se dá en denominar a Batalla do Garellano foi en realidade a longa, e pesada, campaña do outono-inverno de 1503. O anovado exército francés, con máis de cinco mil suízos e un tren de artillería como nunca antes se vira, despregárase fronte a un fondo de fortalezas defendidas por tropas españolas.

Na noite do 27 de decembro, as tropas españolas cruzan o río Garellano. O Gran Capitán envía a Bartolomé de Alviano ao norte, a Suio, mentres que a Fernando de Andrade mándao ao sur, directamente a Traietto. O groso do exército atravesaría o río co Gran Capitán. Tense discutido moito se o marqués de Saluzzo se deu conta algunha vez da estratexia ideada por Gonzalo; se o marqués puidese ver que o ataque de Alviano era simplemente una estratagem, as cosas serían diferentes. Pero nunca o tivo claro. O nerviosismo da súa xente, embarcando a toda présa os canóns para a defensa de Gaeta (moitos foron a parar ao fondo do río, e os demais a mans dos españois), amosaba que o ataque os collera por sorpresa. Aínda así Gonzalo de Córdoba pasou un momento de verdadeiro perigo cando Próspero Colonna foi rexeitado e el tivo que dirixir persoalmente os lansquenets bávaros até que chegou Bartolomé de Alviano coa infantería despregada. O éxito foi total. Uns días despois rendíase Gaeta e con isto púxose fin á presenza francesa no reino de Nápoles. Iso é o que ocorreu no Garellano, que non foi unha batalla no sentido clásico da palabra, aínda que na súa execución vemos moitos trazos do que foron as campañas das guerras modernas³².

Recorremos, de novo, ás descrições ofrecidas por Antonio Martínez Teixidó:

*"En el Garellano, tres meses después (de Ceriñola), dispondría (el Gran Capitán), de 12.000 hombres. El Gran Capitán se enfrentó a los dos elementos más poderosos del final de la Edad Media: los caballeros franceses y los piqueros suizos, y les hizo frente con la fortaleza del obstáculo y del fuego, en una táctica eminentemente defensiva. Gonzalo ponía en práctica los elementos de lucha aprendidos durante la Reconquista: caballería ligera (a la jineta), información, el ardid y la fortaleza defensiva"*³³.

31. Cf. L. ALBERICH BARRIO Y OTROS, *o. c.*, 176.

32. Cf. J. ENRIQUE RUIZ-DOMÈNEC, *El Gran Capitán. Retrato de una época*, Barcelona, Círculo de Lectores 2002, 351.

33. A. MARTÍNEZ TEIXIDÓ, *O. c.*, 159-160.

A descripción más detallada da batalla ofrécenola R. Menéndez Pidal e condensámola aseguir:

"La ofensiva española tuvo todo el aire de una gran operación de guerra moderna y fue la muestra del genio militar de Gonzalo de Córdoba (...) El plan de Gonzalo consistía en construir un puente más arriba de las posiciones que ocupaban franceses y españoles para cruzar el río por sorpresa y atacar al enemigo de flanco (...) las lluvias de diciembre le obligan a cambiar el emplazamiento proyectado para el puente, en busca de un lugar más seco. De este modo, la distancia que han de recorrer las tropas es mucho mayor. Pasada la Navidad todo está dispuesto: Diego de Mendoza y Fernando de Andrade reciben la misión de permanecer delante de Sessa para cubrir un posible ataque de flanco y engañar a los franceses.

Al alba del 28 de diciembre de 1503, Bartolomeo D'Alviano comenzó a lanzar el puente a cuatro millas al norte de las posiciones francesas (...) componían la vanguardia tres mil quinientos infantes, los veteranos de García de Paredes y de Pedro Navarro. A continuación marchaba Gonzalo con el centro, treinta hombres de armas, doscientos caballos ligeros de la compañía de Próspero Colonna y los dos mil piqueros alemanes. En conjunto, la mitad del ejército era la que pasaba. Diego de Mendoza y Fernando de Andrade retenían trescientos hombres de armas y cinco o seis mil infantes (...) La maniobra alcanzó un éxito que superaba todas las esperanzas que, en avanzadilla, vigilaban el paso del río desde las colinas advirtieron la presencia del enemigo cuando toda la vanguardia se encontraba ya en la orilla derecha y se replegaron a Castelforte. Inexplicablemente los franceses renunciaron a defenderse en este punto que abandonaron (...) Alviano llega al real francés y encuentra el lugar abandonado y el puente roto y pasa la noticia a Gonzalo. Éste adivina pronto el plan enemigo y su gravedad: hay que impedir a Saluzzo, a cualquier precio, que consolide las defensas avanzadas de Gaeta, en Mola o Castellone, porque el ejército español no se encuentra en condiciones de resistir el invierno que ahora comienza en línea de bloqueo. Toma entonces una decisión muy rápida, ordenando a Próspero Colonna adelantarse con los doscientos jinetes para alcanzar al enemigo y forzarle a la lucha; seguirá Alviano con la infantería mientras los pontoneros reparan a toda prisa el puente francés a fin de que pasen Diego de Mendoza y Fernando de Andrade (...)

Bartolomeo D'Alviano concibe una maniobra de envolvimiento: mientras Próspero Colonna acomete de frente a los franceses, el irá con la infantería a flanquearles por la derecha. Los movimientos no se sincronizan y Próspero es rechazado primero y dispersado después, sin que Alviano tenga tiempo de completar la maniobra. Es un momento grave. Si las lanzas francesas atacan a los alemanes que ahora llegan y los destruyen, la situación puede volverse por pasiva. Gonzalo Fernández tiene conciencia de la importancia de esta hora, se coloca junto a la bandera de los tudescos y les grita: "Hermanos, no me abandonéis, me prometis-

Fernando de Andrade e a súa participación nas batallas de Italia do século XVI

teis vencer o morir". Los piqueros responden cerrando el cuadro, tendiendo sus armas y avanzando irresistiblemente. En este momento la infantería de Alviano aparece desplegada en el horizonte; el marqués de Saluzzo decide renunciar a la batalla, deja un destacamento a las órdenes de Bernardino Adorno con la misión de retrasar el avance contrario haciéndose aplastar por el rodillo de los infantes alemanes y se retira definitivamente a Gaeta. La acción de Garellano ha terminado; en un despliegue genial de facultades Gonzalo Fernández puede jactarse de conseguir a un precio mínimo la total destrucción de un brillante ejército" ³⁴.

La Historia de España de Modesto Lafuente narra así o final do choque:

"Llegó en esto la retaguardia que al mando de Andrade había cruzado por el puente de abajo, y el esforzado general español mandó a los tres cuerpos de su ejército embestir al enemigo por tres puntos diferentes. Aterrados, envueltos y atropellados los franceses, huyeron desordenados y dispersos abandonando artillería, banderas, acémilas y bagajes, acosados por la caballería ligera española, atajados por grupos que les cortaban el camino, y sufriendo horrible degüello y estrago (29 de diciembre). Los que pudieron librarse de las espadas españolas lograron entrar en Gaeta, y Gonzalo acampó aquella noche en la inmediata villa de Castellone (una legua y media), donde dio a sus soldados el descanso de que tanto habían menester, después de haber andado y peleado todo el día en un terreno blando y fangosos y en medio de una lluvia incesante. Los franceses habían dejado en el campo de tres a cuatro mil hombres, con cerca de otros tantos de baja entre prisioneros y extraviados, y perdido aquel magnífico tres de artillería que era la admiración de Europa y que parecía hacerlos invencibles".

O primeiro de xaneiro, outra data simbólica, o exército francés capitulaba. O Gran Capitán volve a entrar en Nápoles baixo arcos de triunfo.

Iníciase con estas victorias do Gran Capitán un expoñente temperán da rivalidade franco-española que continuará coas victorias de La Bicoca, Pavía e San Quintín. Estes éxitos da infantería española fundáronse na adopción do cadro de piqueros suízos e no uso do arcabuz como arma de fogo decisiva no combate. Naturalmente a conxunción de ambos elementos necesitaban o contraste da experimentación e isto é o que ocorre co Gran Capitán en Italia. A primeira batalla de importancia, a de Seminara foi unha experiencia dos lansquenets alemáns capitaneados por Hans von Ravenstein. Despois, en Ceriñola, gracias á cooperación dos capitáns españois, púidose derrotar á até entón irresistible infantería suíza. Isto facilitou a evolución de certos conceptos de estratexias de combates como os atrincheiramentos para obstaculizar o ataque de piqueros e ás pequenas formacións de arcabuceiros (mangas) de gran mobilidade e disciplina de fogo³⁵.

34. Cf. L. SUÁREZ FERNÁNDEZ - M. FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, *La España de los Reyes Católicos...*, o. c., 606-609.

35. Cf. F. REDONDO DÍAZ, "El ejército del emperador", en *Revista Española de defensa* (2002) 149-150.

6. A ACADEMIA DO GRAN CAPITÁN

A mediados de 1574, o poeta e erudito granadino Luis Zapata de Chaves (1526-1595), autor do poema Carlo famoso, onde describe as xustas e os torneos do emperador Carlos V, interrouse polo mito do Gran Capitán na súa *Miscelánea*³⁶. Zapata foi o primeiro en entender que o novo mundo saído da crise española tras a derrota da Invencíbel necesitaba aceptar o temperamento dunha serie de "personajes hors série"³⁷. Zapata crea así a Academia do Gran Capitán, e razón do xeito seguinte:

*"No sólo en la conquista del reyno de Nápoles el gran Gonçalo Hernández hizo del reyno la gran ganancia, mas crió (como buen hortelano que haze planteles y almaciga para trasplantar) tantos famosos cavalleros y escojidos capitanes que para conquistar el mundo uviera jenerales, si la ocasión se les pusiera delante. Mas an sido nuestros príncipes tan cristianos que solamente an encarado a los que por grandes derechos y grandes ofensas los an provocado. De los discípulos de cuya milicia diré algunos que se me acordaren, porque se vea cuándo el buen cazador haze buenos halcones, y cuándo el buen montero encarnando los buenos canes (...) Desta escuela salió el Próspero Colona, que fue cavallero y general señalado. Y el famoso Antonio de Leyva, de los que fuera menester para sus hechos historia particular, mas iré, pues son tan conocidos, solamente nombrándolos. Y don Remón de Cardona que cañoneó a Venecia. Y el ya dicho conde Pedro Navarro. Y el conde Hernando de Andrada. Y el conde de Meliro don Diego de Mendoza que destas romerías sacaron estos caualleros y otros sus estados"*³⁸.

A lista é máis exhaustiva que a relación que reproducimos. O propio Zapata engade que "y otros muy muchos, quel buen maestro saca buenos ofiçiales"³⁹. É bo mestre é Gonzalo de Córdoba cuxas dotes creadoras de bos cabaleiros e capitáns permitiron elevalo á categoría de mito⁴⁰.

7. CONCLUSIÓN

As batallas non son a guerra, podería dicirse máis ben o contrario: son unha interrupción das operacións cotiás para dar entrada a un elemento festivo, a un ritual, onde se dirime a superioridade dun exército sobre o contrario. Sempre tiña ocorrido así, despois de As Navas de Tolosa (1212) e Bouvines (1214) até Azincourt (1415) e Nancy (1477). As batallas amosaban a parte máis cruenta, mais tamén máis aleatoria, da guerra, entendida entón como unha dimensión máis da política, segundo argumentaría poucos anos máis tarde Nicolás Maquiavelo (1469-1527) na súa obra

36. L. ZAPATA, *Miscelánea*, (Edición de Pascual de Gayangos), Madrid, Imprenta Nacional 1859, 192-194.

37. J. PÉREZ, "Un gentilhomme humaniste: Luis Zapata et sa *Miscelánea*", en A. REDONDO (ED.), *L'Humanisme dans les lettres espagnoles: études réunis et presentes*, París, J. Vrin 1979, 288-298.

38. Citado por J. ENRIQUE RUIZ-DOMÈNEC, *El Gran Capitán...*, o. c., 654-655.

39. Cf. *Ibid.*..., 656.

40. Cf. J. A. VACA DE OSMA, *El Gran Capitán*, Madrid, Espasa Calpe, 1998.

Fernando de Andrade e a súa participación nas batallas de Italia do século XVI

El Príncipe, anticipándose varios séculos ao famoso dito do xeneral prusiano Von Clausewitz: Como competir cos heroes da Historia naquela xeografía que vira a victoria de Aníbal en Cannas contra os xenerais romanos Emilio Paulo e Claudio Varrón? Como inventar unha estratexia máis brillante, máis ousada ou máis imaxinativa, que as precedentes?⁴¹.

Seminara, Ceriñola e Garellano so os nomes propios dun novidoso eixo sobre o que xira toda a estrutura da arte de facer guerra ao inicio da nosa idade moderna. Europa descobre que a lanza dos cabaleiros foi destronada pola pica dos infantes. Desde abril de 1503 até o crepúsculo de Rocroi, por século e medio, a infantería española pasará a ser a protagonista das batallas. Esta foi a concepción xenial de Gonzalo de Córdoba: unha adaptación das táctica suízas e italianas reforzando ambas con potencia de fogo que, co seu equipo de oficiais, pasa a encarnar os comezos dunha hexemonía militar que se imporá en todo o continente. Un deses oficiais foi Fernando de Andrade. Por primeira vez manéxase combinadamente Infantería, Cabaleiría e Artillería. Revolucionou a técnica militar mediante a reorganización da infantería en coronelías, o embrión dos futuros tercios.

Esta reforma militar provocará enormes eloxios entre os seus contemporáneos. Sobraban besteiros e faltaban arcabuceiros, había demasiados xinetes lixeiros e faltaba unha sólida infantería. Así o exército expedicionario non podía facer outra cousa que una vixilancia do adversario. O Gran Capitán abrigaba a esperanza de que sería positiva a reunión das compañías ao mando dun capitán en columnas (e italiano *colonna*) ao mando dun coronel (*colonello*). Deste xeito naceron as coronelías que facilitaron tamén as arelas de ascenso social no exército e permitiron unha profesionalización do uso das armas. Ao organizar o exército en coronelías poñíase fin a un sistema táctico e permitía acadar vantaxe ante un inimigo mellor equipado. Concibiu a guerra moderna como un traballo de equipo, onde cada individuo tiña unha función imprescindible. O problema residía en que os bos profesionais eran caros, tanto por seren mercenarios, como polo esforzo educativo que significaba aprenderen unha tarefa específica. Gonzalo reconsidera o papel da cabalería pesada. Era un problema importante, case sen solución debido aos constantes debates. Os expertos non se poñían de acordo sobre a súa función e por isto era unha cuestión difícil de asumir por parte dunha sociedade nobiliaria fascinada polos modelos cabaleirescos. Desde a tradición militar castelán, as coronelías non tiñan sentido algún: o uso da cabalería lixeira á xineta parecía suficiente para o acoso dos adversarios⁴².

Os franceses, con máis elementos militares que os casteláns, ocupan territorios de Nápoles e o Gran Capitán necesitado reforzos péchase en Barletta á espera dos mesmos. Estes chegarán mandados por Fernando de Andrade que xa tiña demostrado a súa formación militar na terceira batalla de Seminara. Este triunfo unido ao obtido no mar pola escuadra do rei Fernando mandada por Lezcano en augas de Otranto, obrigará ao máis brillante xeneral de Europa, o duque de Nemours, a levantar o asedio de Barletta. O Gran Capitán puido abandonar a cidade e cos reforzos que trouxo Andrade tomar a ofensiva vencendo aos franceses en Ceriñola e Garellano.

41. Cf. J. E. RUIZ DOMÉNECH, "Ceriñola, la consagración del Gran Capitán", en *La aventura de la Historia* 5 (2003) 54, 32-39

42. Cf. C. GAIER, "La cavalerie lourde en Europe occidentale du XII^e au XIV^e siècle", en *Revue internationale d'Histoire Militaire*, 31 (1971) 386;

Coa victoria de España en Nápoles, demostráronse en Europa as cualidades do exército español, no que se aliaban a paciencia para esperar unha ocasión favorábel, a intelixencia para utilizar os novos medios bélicos, combinando a infantería e a cabalería, as armas brancas e de fogo nas proporcións máis convenientes; e por último unha vez establecido o combate, a capacidade resolutiva dunha infantería cuxo ardor combativo estaba intensificado pola presenza de fidalgos, "segundones" de casas nobres, que noutras nacións desdébían combater a pé.

Pero se por encima dunha xesta de tipo militar interésanos resaltar unha das consecuencias políticas máis determinantes destas campañas de Italia é que por primeira vez desde os tempos da Roma clásica existe unha *Weltpolitik*⁴³ e é España quen a exerce. En efecto, desde finais do século XV, e de maneira crecente durante século e medio, España está en todas partes. Todos os pobos do Occidente europeo encóntranse con ela, ou nos seus propios territorios ou nas súas empresas.



Relevo do sepulcro de Fernando de Andrade que se atopa na igrexa parroquial de Santiago de Pontedeume.

Mentres a inmensa maioría dos matrimonios reais na Idade Media foran españois, desde os Reis Católicos iníciase a época dos estranxeiros. España, que estivera dentro de si mesma, consagrada á empresa de reconquista, apenas lograda a unidade cambia de instalación histórica: está en Europa. Anteriormente houbera "saídas", como a expedición de cataláns e aragoneses a Oriente a comezos do século XIV, e con maior importancia cos dominios da coroa de Aragón en Nápoles e Sicilia; tamén coa conquista castelá das illas Canarias. Pero agora trátase da presenza constante da nova nación española en Italia -fronte aos intentos de dominación francesa-, Rosellón, o Franco Condado, os territorios borgoñeses, o Milanesado, Inglaterra, o Norte de África e os turcos. Non digamos cando pertenzan á Coroa española todas as terras herdadas por Carlos V do seu avó Maximiliano I de Austria, e máis cando, ao ser elixido Emperador, o Rei de España se atope mesturado en todos os asuntos alemáns en rivalidade constante con Francia. Estas Campañas de Italia, onde Fernando de Andrade tivo o seu militar protagonismo, contribuíron ao desprazamento social e histórico de España en Europa. Con elas iníciase un novo estilo de diplomacia, de comercio, de guerra, un sistema de alianzas que non se tiña coñecido nos séculos medievais, unha colaboración das pequenas unidades sociais -por exemplo, as cidades italianas- coas grandes potencias. En definitiva, o estilo da Idade Moderna é en moi alta proporción unha creación española.

43. Concepto que identifica a práctica dunha política universal. Cf. J. MARÍAS, *España inteligible. Razón histórica de las Españas*, Barcelona, Círculo de Lectores 1996, 179.